




AVESEDO DE DONÍS (val do río Ortigal)


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 16 km (circular)

Dificultade: media

Duración: 5/6 horas



Unha longa xornada para gozar do outono camiñando polo interior do avesedo de Donís, o agreste e inmenso bosque que cubre a aba sombriza do val do río Ortigal, por un carreiro polo de agora non demasiado transitado ao longo do que, deixando voar a imaxinación, podemos tentar de ver como sería este lugar, antes das cortas masivas do pasado, cando atopamos de pronto con algunha das árbores que por polo seu mal estado ou imposible aproveitamento conseguíu sobrevivilas e chegar ata o día de hoxe. A coñecida como fraga de Vilarello, da que forma parte o avesedo é unha das maiores extensións boscosas de Galiza. Ocupa as dúas vertentes do val do río Ortigal (afluente do Ser), entre as serras do Agulleiro e de Villous e o monte do Fieiró ata a súa confluencia no circo glaciar de Tres Bispos. Foi intensamente explotada para aproveitar a madeira que se empregaba, sobre todo en construción naval e para travesas de ferrocarril. Actualmente forma parte do LIC "Os Ancares, O Courel".




Campa da Fonte dos Namorados e pico Nobreñal.



Vista parcial da fraga e o val do Ortigal desde un punto do camiño.



Petróglifo nas proximidades da Campa de Barreiro.



O avesedo, no verán, visto desde a estrada ao pé de Vilarello.

PERCORRIDO:

Saíndo da **Campa da Braña** en dirección a Piornedo, a uns 2,5 km, atopamos á dereita da estrada un panel informativo, e case ao pé del o sitio para deixar un coche, dous como máximo; é o panel da ruta da Fonte dos Namorados que temos que seguir na primeira parte da nosa camiñada. Á dereita do panel sube un carreiro, pouco marcado, que vai parello á estrada pero gañando altura, logo cambia de dirección para seguir subindo, e volve a cambiar para levarnos á **campa de Barreiro**; antes de entrar nela, onde comezan as árbores, atopamos á esquerda do camiño unha pedra, sinalizada, cun petroglifo (unha cazola central rodeada de outras cazoliñas de menor tamaño) e case de seguido a campá, cruzámola en sentido ascendente e, case da esquina de arriba, segue o carreiro que polo medio dunha mancha de vellos acivros cargados de liques e carrizo nos leva a outra campá que ten na parte alta, á dereita, a **Fonte dos Namorados**. Para seguir a nosa ruta temos que coller, case de fronte do punto no que entramos na campá, o carreiro que nos vai permitir cruzar ao longo o aveseado; un traxecto, sen grandes desniveis nin moita dificultade, no que imos invertir de dúas a tres horas, ou máis dependendo do de vagar que camiñemos e de se nos desviamos ou non do camiño para achegarnos ao pé de algunhas das árbores excepcionais que vaiamos descubrindo, porque ao longo do traxecto iremos atopando aquí e alá vellos bidueiros con varios toros que xurden de cañotas de máis de catro metros de perímetro, algún acivro, non moi alto pero cun toro por enriba dos tres metros de circunferencia, e carballos albares, residuos do que foi mesta fraga, todos bastante vellos e estragados, de entre catro e seis metros de contorno. Despois da longa camiñada que tamén nos permite gozar de puntos panorámicos sobre a serra do Agulleiro, os cumes dos Ancares e o val do río Ortigal, acadamos o outro lado do bosque chegando a **campa de Ortigoso**. Nesta campá temos que coller cara abaixo e á esquerda para atopar un carreiro, ao pouco camiño amplo en forte descenso, que aínda que aparentemente nos leve en dirección oposta á saída do val, condúcenos á **campa de Ortigal** na que hai os restos dunhas construcións. Nesta campá tamén temos que dirixirnos abaixo e á esquerda para dar no camiño que, levando o río sempre á man dereita, nos achega á ponte dos Vales, na estrada. Desde a ponte, para completar o circuito, quedánnos por percorrer seis quilómetros de estrada, que tamén son polo aveseado, cunha primeira parte en lixeira subida na que podemos ver, sobre todo por debaixo da estrada, algúns grandes carballos, ata chegar ás ruínas dos **Cabaniños** preto das que se atopan uns bos exemplares de castiñeiros; desde alí ata pasada a **Pena Branca**, un tramo duns dous quilómetros, a pendente faise máis dura para volver a suavizar logo ata o remate do percorrido. En total faremos uns 16 km que completaremos nunhas seis horas.



Fonte dos Namorados. Conta a tradición que hai que beber tres grolos de auga para lograr os favores da persoa amada.





Acivro de 3,20 m de perímetro.



Os acivros (*Ilex aquifolium*) son importantes para o mantemento da vida na zona. A persistencia das follas crea núcleos libres de neve e os froitos, que se manteñen na árbore ata o inverno e no chan durante moito tempo, son o principal alimento do que dispoñen moitos animais nos momentos máis duros do inverno.



A escuridade que hai no interior dos bosques de acivros impide o desenvolvemento de calquera



Camiño polo acibeiral.



Carba de 4,30 m de perímetro.



Carba de máis de 6 m de perímetro entre os acivos.



Carba de 6,40 m de perímetro.





Bidueiro de 4 m de perímetro.



No aveseado abundan os bidueiros, entre os que se atopan moitos exemplares de grande porte e idade.



Lique (*Fomes fomentarius*) no toro dun bidueiro.

